



ORIENTACIÓN PARA A ESTIMULACIÓN DA LINGUAXE NAS FAMILIAS

Os pais poden colaborar moito para que o seu fillo/a, adquira unha linguaxe axeitada a súa idade e nivel. Desde a especialidade de Audición e Linguaxe do cole, propoñémoslles algunhas orientacións que poden ser de utilidade.

RESPIRACIÓN:

É moi importante que sexa correcta (tomar o aire polo nariz) para conseguir unha voz e un ritmo apropiados. Convén prestar atención e comprobar se o neno/a respira habitualmente pola boca. Ademais, é moi importante ensinar a limparse as mucosidades do nariz soándose adecuadamente, evitando que as inspiren ou as traguen. Os xogos de sopro (apagar unha vela, usar pitos, trompetas, face pompas de xabón...) son apropiados para mellorar a capacidade respiratoria. Tamén é conveniente educalo para que non grite ao falar, xa que pode danarlle ou desgastarlle máis do recomendable a larinxe.

ALIMENTACIÓN:

Procuren que os nenos/as tomen alimentos sólidos que esixan certo esforzo e mastigar (cachos de froita, tacos de xamón...), para fortalecer os músculos da cara e da boca. Tamén é importante que saiban beber con palliña.

AUDICIÓN:

É importante facer ao neno/a consciente do mundo sonoro que lle rodea, ensinándolle a diferenciar os diversos sons e ruídos do ambiente; por exemplo, sinalarlle os distintos tons dos timbres: reloxo, porta, teléfono; pola rúa: diferentes sons da moto, coche, autobús, ambulancia, bombeiros... Comprobar que os vai distinguindo e pode xogar a imitalos. Unha conducta moi importante que debe aprender o neno/a é escoitar aos demais, sen interromper constantemente.

VOCABULARIO:

Débese falar co fillo/a sempre que sexa posible, e estimulalo para que tome a iniciativa na comunicación. Ensinarlle o nome das cousas da casa, da calle, do pobo, etc... e a súa utilidade. Por exemplo: “isto é unha ... *pota*”, “para que serve?”, “serve para *cociñar, asar...*”; a continuación se introducirán frases con esa palabra: “*mamá vai cocer as patacas na pota*”, “*papá frega a pota*”. É interesante traballar o mesmo vocabulario que se está a traballar na escola, para reforzar as aprendizaxes.

AMBIENTE COMUNICATIVO E ESTIMULADOR:

Falar co seu fillo/a é mellor que falar ao seu fillo/a. Estar atentos escoitándolle sempre que llo solicite. Partindo das súas iniciativas, se lles animará a que conten as súas experiencias, do que lle pasou no colexio, das cousas que lle gustan ou prefiren... É necesario darlle tempo a que responda, facendo pausas, xa que moitas veces lle custará atopar as palabras axeitadas. Se non

contan espontaneamente, se lles pode ir dando opcións: *¿xógaste no patio ao balón ou coa area?, ¿xógaste con Pedro ou con Hugo?, ¿facías casas ou pasteis de area?*. Se, pola contra, o neno/a conta o que fai, lle animaremos a que amplíe as súas descricións ou relatos; por exemplo: *“che gustaba xogar a iso?”*, *“¿podes explicarme como se xoga?...”*

ORIENTACIÓNS XERAIS

- ❖ Evitar ser excesivamente correctores: cando o neno/a pronuncie mal, se lle pronunciará a mesma palabra correctamente, sen obrigarlle a repetila.
- ❖ Buscar tempo diariamente para falar co seu fillo/a: na merenda, no baño, na cea, ou en calquera outro momento do que dispoñan para falar só con el/ela.
- ❖ Evitar “bombardear” ao neno/a con preguntas e cando se llas fagan, que sexa de maneira que non poida contestar con “si” ou “non” senón cunha palabra; por exemplo: *“¿queres de postre plátano ou pera?”*, *“¿imos a calle ou quedamos na casa?”*.
- ❖ Falarlle con claridade escollendo as palabras axeitadas para expresar as súas ideas. Adaptar a linguaxe (no vocabulario, na lonxitude da frase) a súa idade e ao desenvolvemento do neno/a dunha forma natural, sen abusar dos diminutivos, e introducindo palabras novas para enriquecer o seu léxico.
- ❖ Permitirlle falar por teléfono con familiares e amigos.
- ❖ Evitar responder en vez do seu fillo/a cando se dirixa a el outra persoa; e cando necesite algo de terceiras persoas, permitirlle que sexa el/ela quen o solicite.
- ❖ Vexan contos e libros de imaxes comentando os sucesos e as accións representados.
- ❖ Procurar que non vexan demasiado a televisión e comprobar que son programas axeitados para nenos; intentar vela con eles comentando e opinando.
- ❖ Ensinar a usar fórmulas de cortesía: *“gracias”, “por favor”, “bos días”...* especialmente coas persoas máis cercanas: pais, irmáns, avós, veciños...

XOGOS DE LINGUAXE

- ❖ “vexo-vexo” (cos mais pequenos se pode xogar dicindo a primeira sílaba da palabra: *“vexo unha cousa que empeza por ven....(ventá)”*).

- ❖ “da Habana ven un barco” cargado de ... (cousas que empecen por “ba2, cousas que hai no baño, xoguetes, etc....).
- ❖ “Palabras encadeadas”: se un di unha palabra, por exemplo “moto”, o seguinte dirá unha que empece por “to”, como tomate.
- ❖ “O carro da compra”: xógase dicindo: “fun ao mercado e merquei ... leitugas; o seguinte dirá: “fun ao mercado e merquei ... leitugas e leite...
- ❖ “O Restaurante”: un fai de camareiro e o resto de comensais que piden diferentes pratos e o camareiro debe recordalos todos, engadindo cada vez o que diga o novo participante ata que o camareiro cometa un erro.
- ❖ Xogar as adiviñas, seleccionándoas segundo a idade e capacidade do neno/a.
- ❖ Facer descrições de obxectos ou persoas ata que o neno/a adiviñe de quen se trata.

